

Ladaíña de angustias

Cun título que nos semella ben suxestivo, Moncho Iglesias vén de publicar, en Edicións Positivas, un poemario que no que cada un dos textos que o compoñen aparece acompañado dunha fotografía. Trátase dunha literatura feita cun cor te impresionista forte, toda vez que a relación que se dá entre o texto poético e a imaxe conforma unha ráfaga de sensacións moi ben aplicada. Moncho Iglesias é un Castelao lírico: o peta procura a captación desa comunión, con tintes metafóricos moi acusados, entre a imaxe real e o texto non real. A asociación recrea un álbum de complementacións entre as dúas presenzas.

E son moitas as ráfagas-impresións que coida o poeta. O centro case sempre é a muller: o seu sufriemento e loita en diversas latitudes emocionais, culturais e físicas. Pero tamén se ocupa Moncho Iglesias dos recordos da nenez, das sensacións que permanecen ao longo do

No labor da literatura



HÉITOR MERA



tempo...

Obra completa, equilibrada, *Oda ás nais perennes...* constitúe un volume de valía para calquera que estea necesitado de poesía da boa. E non é a grandilocuencia crítica o que nos move a decir isto. Se tivésemos que definir a poesía de Iglesias desde un posicionamiento cartesiano, sen chegar a Deus, teríamos que falar de solvencia, sensibilidade e acerto expresivo.

A sensación de cara ao lector será a da eclosión dun lirismo fondo, sentido e axustado. Pode-

ria ser mellor, acaso, pero nós atamos que nada sobra, que nada falta. O poeta amósanos sensacións, sentimientos e experiencias que transforma en realidade literaria: o seu mundo para o mundo. Poderemos entendelo máis ou menos, poderemos interpretalo mellor ou peor, mais calquera que lea a esta obra decatarase da evocación sincera, atinada e sen recursos esaxerados e fóra de lugar: Iglesias non fai uso de máscaras literarias, de argallamentos literarios que algúns lles chaman táboas e que nos fagan pensar que é boa literatura o que en realidade é artificio. Goste, pois, ou non goste, estamos diante dun poemario auténtico, que non engana, que non busca cumplir para publicar; polo contrario, estamos diante dun labor da literatura. Nin más nin menos. Isto é o mellor que podemos dicir. A gusto de cadaquén.

IGLESIAS, Moncho, *Oda ás nais perennes...* Ed. Positivas, Santiago, 2008, 47 páxinas.